


ACTIVIDADES DE AUTOAVALIACIÓN **UNIDADE 21**

DIVERSIDADE DOS MICROORGANISMOS. MICROORGANISMOS E SAÚDE.

ACTIVIDADE 01


► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 01



► UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 01

1 Os microorganismos son:		
A	<input type="checkbox"/>	Microbios.
B	<input type="checkbox"/>	Aqueles seres vivos que se medran morren.
C	<input type="checkbox"/>	Organismos moi diversos e pequenos que hai que observar polo microscopio.
D	<input type="checkbox"/>	Todo organismo pequeno.
2 Os protozoos son seres vivos:		
A	<input type="checkbox"/>	Procariotas.
B	<input type="checkbox"/>	Subcelulares.
C	<input type="checkbox"/>	Igualiños que os lévedos.
D	<input type="checkbox"/>	Eucariotas.
3 O parasitismo celular obrigado é unha característica dos:		
A	<input type="checkbox"/>	Virantes.
B	<input type="checkbox"/>	Virus.
C	<input type="checkbox"/>	Ácidos nucleicos.
D	<input type="checkbox"/>	Microorganismos todos.
4 Marca con V ou F as afirmacións que sexan verdadeiras ou falsas:		
A	<input type="checkbox"/>	Cada virus ataca e parasita un só tipo determinado de célula: especificidade.
B	<input type="checkbox"/>	A cápsida é unha envoltura lipídica formada pola unión de capsómeros.
C	<input type="checkbox"/>	A envoltura membranosa só a presentan os chamados virus envoltos.
D	<input type="checkbox"/>	Os bacteriófagos son virus de tipo helicoidal.

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 02



► UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 02

1 Os principais compoñentes da estrutura dos virus en xeral son:	
A	<input type="checkbox"/> Cápsida e envoltura membranosa.
B	<input type="checkbox"/> Membrana nuclear.
C	<input type="checkbox"/> Ácido nucleico: ADN ou ARN.
D	<input type="checkbox"/> Algúns virus presentan retrotranscritase ou transcritase inversa.
2 Os bacteriófagos son:	
A	<input type="checkbox"/> Virus envoltos.
B	<input type="checkbox"/> Virus complexos.
C	<input type="checkbox"/> Virus que parasitan bacterias.
D	<input type="checkbox"/> Virus helicoidais.
3 O ciclo lítico dun bacteriófago consiste en:	
A	<input type="checkbox"/> Parasitar células vexetais para proliferar doadamente.
B	<input type="checkbox"/> É o seu ciclo reprodutor: remata coa lise da bacteria parasitada e a liberación de novos virus.
C	<input type="checkbox"/> Atacar bacterias e parasitalas para integrar o seu ADN no ADN bacteriano.
D	<input type="checkbox"/> Lisar células eucariotas para destruílas.


4 O ciclo lisoxénico dun bacteriófago consiste:

- A ☐ Na integración do ADN vírico no ADN bacteriano por parte dos chamados virus atenuados de xeito que, sen destruír a bacteria, se reproducen simultaneamente con ela.
- B ☐ Na integración da cápsida do fago no citoplasma da bacteria para logo destruíla.
- C ☐ Na indución do ciclo lítico.
- D ☐ Na ruptura e anulación dos xenes da bacteria.

5 O virus da SIDA ou virus da inmunodeficiencia humana (VIH):

- A ☐ Presenta no seu ciclo vital unha etapa de latencia vírica.
- B ☐ É un retrovirus.
- C ☐ É un virus ADN ou desoxirribovirus.
- D ☐ Ataca células nerviosas.

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 03



ACTIVIDADE 02

► COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA 01

Paredes bacteriana		Cadeas de cocos En bacterias patóxenas Descomposición materia Peptidoglicanos Ribosomas
70S		
Estreptococos		
Bacterias saprófitas		
Cápsula bacteriana		

► ERROS NO TEXTO

Acha e rectifica os erros que aparecen nestes tres textos.


No TEXTO A hai 2 erros, no TEXTO B hai 2 erros e no TEXTO C hai 2 erros.

TEXTO A: "A bacteria presenta uns repregamentos mirando ao citoplasma denominados nanosomas. Estes teñen unha grande cantidade de enzimas que son utilizadas para dirixir a liquidación do ADN, realizar a respiración bacteriana e, caso de seren bacterias fotosintéticas, a fotosíntese."

TEXTO B: "A reprodución das bacterias é sexual. O mecanismo denomínase bipartición ou división simple, polo tanto hai mitose."

TEXTO C: "As fimbrias ou pili, son filamentos compactos, delgados, curtos, tubulares e rectos que se utilizan, por parte dalgunhas bacterias, para intercambiar fragmentos de ADN durante o fenómeno da confirmación."

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 04



► **UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 03**

1 A cápsula bacteriana:

- A ☐ Aparece en case todos os grupos bacterianos patóxenos.
- B ☐ Formada por polisacáridos.
- C ☐ Está en contacto coa membrana plasmática da eubacteria.
- D ☐ É tinxida pola tintura de Gram.

2 A parede bacteriana:

- A ☐ Está formada por polisacáridos.
- B ☐ A tintura de Gram non pode tinguir a parede celular das eubacterias.
- C ☐ Formada por unha armazón de peptidoglicanos.
- D ☐ Permite o desprazamento da bacteria.

3 Os ribosomas das eubacterias:

- A ☐ Áchanse no interior dos mesosomas.
- B ☐ Poden aparecer formando polirribosomas.
- C ☐ Interven na replicación do ADN.
- D ☐ Son ribosomas 70S.

4 As bacterias de metabolismo heterótrofo e produtoras de doenzas inclúense no grupo de bacterias:

- A ☐ Parasitas.
- B ☐ Simbióticas.
- C ☐ Comensais.
- D ☐ Saprófitas.

5 Un plásmido é:










- A ☐ O nucleóide ou rexión do citoplasma onde se atopa o ADN bacteriano.
- B ☐ Pequena molécula de ADN, de dupla hélice e circular, que pode ou non presentar a bacteria.
- C ☐ O cromosoma bacteriano.
- D ☐ Lugar de inserción do plasmata.

► **COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA 02**

Arqueobacterias		Metanóxenas Conxugación Hipertermófilas Peritrícas Reproducción bacterias
Flaxelos bacterias		
Bipartición		
Pantanos		
Transferencia segmento ADN		

ACTIVIDADE 03


► **ESCRIBE AO PÉ DE CADA IMAXE O TIPO DE MICROORGANISMO QUE CORRESPONDA**

 <input type="text"/>	 <input type="text"/>	 <input type="text"/>
 <input type="text"/>	 <input type="text"/>	 <input type="text"/>
 <input type="text"/>	 <input type="text"/>	 <input type="text"/>


► VERDADEIRO OU FALSO 01

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- Os protozoos son microorganismos procariotas	
2- Os esporozoos son un dos grandes grupos en que se clasifican os protozoos	
3- As algas diatomeas presentan unha envoltura silicea	
4- A posesión de pigmentos fotosintéticos é propio dos balores ou mofos	
5- As microalgas áchanse colonizando ambientes hídricos de auga doce ou salgada	
6- Os lévedos ou fermentos son fungos filamentosos	
7- A malaria é unha grave doenza causada por esporozoos do xénero <i>Plasmodium</i>	
8- O fitoplancto, constituído por microalgas, forma o primeiro chanzo da cadea alimentaria acuática	
9- Bacterias e fungos realizan a descomposición e mineralización da materia orgánica na Biosfera	
10- As bacterias parasitas causan infeccións denominadas micoses	
11- Do fungo <i>Penicillium</i> extráese o antibiótico penicilina	
12- O lévedo <i>Candida albicans</i> utilízase, pola súa acción fermentativa, para fabricar cervexa e viño	
13- As arqueobacterias metanóxenas sintetizan metano a partir de CO ₂ en ambientes anaerobios	
14- A amonificación permite formar N ₂ por descomposición de compostos nitróxenos	
15- A nitrificación permite ás bacterias nitrificantes formar nitrato por oxidación do amoníaco	

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 05




► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 06



ACTIVIDADE 04

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 07



► UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 04

1 A grande maioría dos microorganismos son:		
A	<input type="checkbox"/>	Axentes patóxenos.
B	<input type="checkbox"/>	Seres vivos con capacidade infecciosa.
C	<input type="checkbox"/>	Microbios que prexudican o estado de saúde dos organismos pluricelulares.
D	<input type="checkbox"/>	Inofensivos ou beneficiosos.
2 A chamada microbiota normal:		
A	<input type="checkbox"/>	Habita nos tractos dixestivos, respiratorios e xenitourinarios do noso organismo.
B	<input type="checkbox"/>	Causa, normalmente, trastornos varios no corpo humano.
C	<input type="checkbox"/>	Chámase tamén flora bacteriana normal do organismo humano.
D	<input type="checkbox"/>	Facilita a acción infectuosa dos xermes patóxenos.
3 A teoría microbiana da doenza infecciosa ou postulados de Koch demostrou:		
A	<input type="checkbox"/>	Que axentes patóxenos diferentes poden provocar a mesma enfermidade.
B	<input type="checkbox"/>	Que cada axente patóxeno diferente produce unha doenza concreta distinta.
C	<input type="checkbox"/>	Que o mesmo axente patóxeno pode producir doenzas distintas en diferentes individuos da mesma especie.
D	<input type="checkbox"/>	Que todas as doenzas que padecemos os humanos son infecciosas.
4 Os factores de virulencia son:		
A	<input type="checkbox"/>	Toxinas producidas polo microorganismo patóxeno que causan no hospedador os trastornos propios da enfermidade.
B	<input type="checkbox"/>	Microorganismos inocuos que viran para patóxenos.
C	<input type="checkbox"/>	A resposta que dá o organismo infectado para destruír o microorganismo patóxeno.
D	<input type="checkbox"/>	Fármacos que combaten os axentes infecciosos.


► VERDADEIRO OU FALSO 02

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- Os retrovirus son virus ARN que teñen transcritase inversa	
2- Os príons son axentes infecciosos formados por proteínas	
3- O VIH infecta linfocitos B	
4- Un bacteriófago é un virus que infecta bacterias	
5- Algunhas arqueobacterias termófilas poden vivir a temperaturas por riba dos 80° C	
6- Os retrovirus levan a información xenética nunha molécula de ADN	
7- Os virus son os causantes das encefalopatías esponxiformes transmisíbeis (EET)	
8- O contaxio das encefalopatías entre individuos prodúcese pola inxesta de tecidos afectados	
9- O bacilo da tuberculose é o causante da meninxite meningocócica	
10- As dermatomicoses son infeccións causadas por fungos	
11- Un parasito é un microorganismo que vive á conta doutro organismo hospedeiro	
12- Na reciclaxe da materia orgánica só interveñen as bacterias	
13- Fálase de infestación cando o parasito é un microorganismo	
14- As exotoxinas son proteínas solúbeis sintetizadas polas bacterias Gram positivas	
15- Denomínase microbiota o conxunto de microorganismos que residen no corpo humano	

SOLUCIÓNS

➔ACTIVIDADE 01

» NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 01




» UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 01

SOLUCIÓNS

1	2	3	4
A+C	D	B	V-F-V-F


» NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 02



» UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 02

SOLUCIÓNS				
1	2	3	4	5
A+C+D	B+C	B	A	A+B

» NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 03



→ ACTIVIDADE 02

» COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA 01

Parede bacteriana	Peptidoglicanos	Cadeas de cocos En bacterias patóxenas Descomposición materia Peptidoglicanos Ribosomas
70S	Ribosomas	
Estreptococos	Cadeas de cocos	
Bacterias saprófitas	Descomposición materia	
Cápsula bacteriana	En bacterias patóxenas	


» ERROS NO TEXTO

TEXTO A: "A bacteria presenta uns repregamentos mirando ao citoplasma denominados **mesosomas**. Estes teñen unha grande cantidade de enzimas que son utilizadas para dirixir a **replicación** do ADN, realizar a respiración bacteriana e, caso de seren bacterias fotosintéticas, a fotosíntese."

TEXTO B: "A reprodución das bacterias é **asexual**. O mecanismo denomínase bipartición ou división simple, polo tanto **non** hai mitose."

TEXTO C: "As fimbrias ou pili, son filamentos **occos**, delgados, curtos, tubulares e rectos que se utilizan, por parte dalgunhas bacterias, para intercambiar fragmentos de ADN durante o fenómeno da **conxugación**."

» NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 04



» UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 03

SOLUCIÓNS









1	2	3	4	5
A+B	C	B+D	A	B

► COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA 02

Arqueobacterias	Hipertermófilas	Metanóxenas Conxugación Hipertermófilas Peritricas Reproducción bacterias
Flaxelos bacterias	Peritricas	
Bipartición	Reproducción bacterias	
Pantanos	Metanóxenas	
Transferencia segmento ADN	Conxugación	

→ Quincena 11 ACTIVIDADE 03


► ESCRIBE AO PÉ DE CADA IMAXE O TIPO DE MICROORGANISMO QUE CORRESPONDA

		
Alga unicelular	Lévedo, fungo unicelular	Balor, fungo filamentoso
		
Virus helicoidal	Protozoo ciliado	Protozoo flaxelado
		
Bacteria estreptococo	Balor, fungo filamentoso	Arqueobacteria


» VERDADEIRO OU FALSO 01

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- Os protozoos son microorganismos procariotas	F
2- Os esporozoos son un dos grandes grupos en que se clasifican os protozoos	V
3- As algas diatomeas presentan unha envoltura silícea	V
4- A posesión de pigmentos fotosintéticos é propio dos balores ou mofos	F
5- As microalgas áchanse colonizando ambientes hídricos de auga doce ou salgada	V
6- Os lévedos ou fermentos son fungos filamentosos	F
7- A malaria é unha grave doenza causada por esporozoos do xénero <i>Plasmodium</i>	V
8- O fitoplancto, constituído por microalgas, forma o primeiro chanzo da cadea alimentaria acuática	V
9- Bacterias e fungos realizan a descomposición e mineralización da materia orgánica na Biosfera	V
10- As bacterias parasitas causan infeccións denominadas micoses	F
11- Do fungo <i>Penicillium</i> extráese o antibiótico penicilina	V
12- O lévedo <i>Candida albicans</i> utilízase, pola súa acción fermentativa, para fabricar cervexa e viño	F
13- As arqueobacterias metanóxeas sintetizan metano a partir de CO ₂ en ambientes anaerobios	V
14- A amonificación permite formar N ₂ por descomposición de compostos nitroxenados	F
15- A nitrificación permite ás bacterias nitrificantes formar nitrato por oxidación do amoníaco	V

» NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 05



► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 06



→ ACTIVIDADE 04

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 07



» UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 04

SOLUCIÓN			
1	2	3	4
D	A+C	B	A

» VERDADEIRO OU FALSO 02

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- Os retrovirus son virus ARN que teñen transcritase inversa	V
2- Os príons son axentes infecciosos formados por proteínas	V
3- O VIH infecta linfocitos B	F
4- Un bacteriófago é un virus que infecta bacterias	V
5- Algunhas arqueobacterias termófilas poden vivir a temperaturas por riba dos 80° C	V
6- Os retrovirus levan a información xenética nunha molécula de ADN	F
7- Os virus son os causantes das encefalopatías esponxiformes transmisíbeis (EET)	F
8- O contaxio das encefalopatías entre individuos prodúcese pola inxesta de tecidos afectados	V
9- O bacilo da tuberculose é o causante da meninxite meningocócica	F
10- As dermatomicoses son infeccións causadas por fungos	V
11- Un parasito é un microorganismo que vive á conta doutro organismo hospedeiro	V
12- Na reciclaxe da materia orgánica só interveñen as bacterias	F
13- Fálase de infestación cando o parasito é un microorganismo	F
14- As exotoxinas son proteínas solúbeis sintetizadas polas bacterias Gram positivas	V
15- Denomínase microbiota o conxunto de microorganismos que residen no corpo humano	V

ACTIVIDADES DE AUTOAVALIACIÓN

UNIDADE 21

BIOTECNOLOXÍA, MICROORGANISMOS E ENXEÑARÍA XENÉTICA.

ACTIVIDADE 05

» RESPOSTA ÚNICA 01

1 O termo Biotecnoloxía foi utilizado por vez primeira:		
A	<input type="checkbox"/>	Por Pasteur, microbiólogo francés do século XIX.
B	<input type="checkbox"/>	Por Robert Koch, o científico que descubriu o bacilo da tuberculose.
C	<input type="checkbox"/>	Polo enxeñeiro húngaro Karl Ereky en 1919.
2 Algunhas técnicas da Biotecnoloxía:		
A	<input type="checkbox"/>	Naceron no século XI.
B	<input type="checkbox"/>	Son case tan vellas como as propias orixes da civilización humana.
C	<input type="checkbox"/>	Xa foron utilizadas polos chineses no século XIX.
3 Hoxe, grazas a Pasteur, sabemos que:		
A	<input type="checkbox"/>	Os procesos fermentativos son procesos macrobióticos.
B	<input type="checkbox"/>	Os procesos fermentativos non son procesos meramente químicos e interveñen sempre microorganismos.
C	<input type="checkbox"/>	Os procesos fermentativos son só procesos químicos.
4 O proceso de fermentación alcólica utilízase par fabricar:		
A	<input type="checkbox"/>	Viño, cervexa, sidra e pan.
B	<input type="checkbox"/>	Pan, iogur e queixo.
C	<input type="checkbox"/>	Destruír o lévedo <i>Saccharomyces ellipsoideus</i> .
5 A acción bactericida dun antibiótico consiste en:		
A	<input type="checkbox"/>	Inhibir o crecemento bacteriano.
B	<input type="checkbox"/>	Impedir a actuación do sistema inmune do individuo infectado.
C	<input type="checkbox"/>	Destruír as bacterias matándoas.

► COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA 03


Formación do callado do leite		Enzimas Inhibe o crecemento das bacterias Fabricación de queixo Esponxa a masa do pan Fabricación de cervexa
CO ₂ desprendido na fermentación		
Peptidasas		
Lévedo <u><i>Saccharomyces cerevisiae</i></u>		
Bacteriostático		

► VERDADEIRO OU FALSO 03

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- A eritromicina é un microorganismo que infecta organismos pluricelulares	
2- O <i>Lactobacillus</i> forma parte da microbiota intestinal ou flora intestinal normal	
3- A fermentación láctica produce grandes cantidades de lactosa	
4- A diversidade metabólica dos microorganismos é a base da biotecnoloxía medioambiental	
5- O etanol do viño procede da fermentación da glicosa da uva	
6- A biorremediación consegue minimizar a contaminación de verteduras tóxicas	
7- O etanol da cervexa procede da fermentación da glicosa do pan	
8- A fermentación láctica precisa da actuación de microorganismos bacterianos	
9- A biolixiviación permite reducir por solubilización os metais pesados contaminantes do chan	
10- O antibiótico penicilina é producido por bacterias	

ACTIVIDADE 06

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 08



► **UNHA OU MÚLTIPLES RESPOSTAS 05**

1 A Enxeñaría Xenética:

- A ☐ Consiste nun conxunto de técnicas que permiten analizar e manipular o xenoma.
- B ☐ É un campo do coñecemento que está en retroceso.
- C ☐ Utiliza a tecnoloxía do ADN recombinante.
- D ☐ Permite transferir xenes duns organismos a outros.

2 Por que se pode trasladar a información xenética duns seres vivos a outros a través da tecnoloxía do ADN recombinante?:

- A ☐ Porque as biomoléculas dos distintos seres vivos son moi diferentes.
- B ☐ Pola universalidade das moléculas que forman os seres vivos.
- C ☐ Polo feito de o ADN das células eucariotas seren monocatenario.
- D ☐ Porque as moléculas que almacenan a información xenética, os ácidos nucleicos, son universais.

3 O que é o ADN recombinante?:

- A ☐ Un ADN con múltiples recombinacións.
- B ☐ Un ADN artificial produto da actividade de bacterias recombinantes.
- C ☐ Fragmento de ADN construído cando se insire un anaco de ADN extraño nun ADN receptor.
- D ☐ ADN misturado con ARN.


4 O que son as restritasas ou enzimas de restrición?:

- A ☐ Enzimas que cortan o ADN por lugares específicos: as secuencias de recoñecemento.
- B ☐ Proteínas que restrinxen a actividade do ADN.
- C ☐ Enzimas que unen fragmentos apegadizos de ADN.
- D ☐ Proteínas transportadoras de ácidos nucleicos.

5 O que é o ADN complementario?:

- A ☐ Un ADN complementario doutro ADN.
- B ☐ O ADN que se forma por tradución do ARNm.
- C ☐ Un ADN sintetizado, por acción dunha retrotranscritase, a partir dun ARNm.
- D ☐ Aquel que resulta da replicación doutro ADN.

► NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 09



► VERDADEIRO OU FALSO 04

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- A técnica da PCR permite a amplificación do ARN	
2- As tecnoloxía do ADN recombinante permite a transferencia de xenes entre organismos	
3- O transxene é un xene que, procedente dun organismo, se insire noutro ser vivo	
4- A Xenómica estuda os nomes dos xenes	
5- Os nenos burbulla presentan inmunodeficiencia conxénita que se trata con terapia xénica	
6- As restritasas fragmentan o ARN por secuencias específicas chamadas palíndromos	
7- A enzima ADN-ligase une distintos fragmentos de ADN polos seus extremos apegadizos	
8- O Proxecto Xenoma Humano comprobou que temos máis xenes que proteínas	
9- O consumo de OXM pode causar alerxias en persoas sensíbeis	
10- A proteómica estuda o total das proteínas codificadas e expresadas polo xenoma dun ser vivo	

SOLUCIÓNS

→ ACTIVIDADE 05

» RESPOSTA ÚNICA 01

SOLUCIÓNS				
1	2	3	4	5
C	B	B	A	C

» COLOCA NA COLUMNA DO MEDIO A PALABRA OU EXPRESIÓN ACAÍDA QUE CORRESPONDA 03


Formación do callado do leite	Fabricación de queixo	Enzimas Inhibe o crecemento das bacterias Fabricación de queixo Espanxa a masa do pan Fabricación de cervexa
CO ₂ desprendido na fermentación	Espanxa a masa do pan	
Peptidasas	Enzimas	
Lévedo <i>Saccharomyces cerevisiae</i>	Fabricación de cervexa	
Bacteriostático	Inhibe o crecemento das bacterias	

» VERDADEIRO OU FALSO 03

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- A eritromicina é un microorganismo que infecta organismos pluricelulares	F
2- O <i>Lactobacillus</i> forma parte da microbiota intestinal ou flora intestinal normal	V
3- A fermentación láctica produce grandes cantidades de lactosa	F
4- A diversidade metabólica dos microorganismos é a base da biotecnoloxía medioambiental	V
5- O etanol do viño procede da fermentación da glicosa da uva	V
6- A biorremediación consegue minimizar a contaminación de verteduras tóxicas	V
7- O etanol da cervexa procede da fermentación da glicosa do pan	F
8- A fermentación láctica precisa da actuación de microorganismos bacterianos	V
9- A biolixiviación permite reducir por solubilización os metais pesados contaminantes do chan	V
10- O antibiótico penicilina é producido por bacterias	F

➔ ACTIVIDADE 06


» NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 08



» UNHA OU MÚLTIPLES RESPOTAS 05

SOLUCIÓNS				
1	2	3	4	5
A+C+D	B+D	C	A	C

» NO ESQUEMA AO PÉ, SUBSTITÚE AS INTERROGACIÓNS [?] POLOS TERMOS ACAÍDOS QUE CORRESPONDAN 09



► VERDADEIRO OU FALSO 04

ENUNCIADO DAS FRASES	V ou F
1- A técnica da PCR permite a amplificación do ARN	F
2- As tecnoloxía do ADN recombinante permite a transferencia de xenes entre organismos	V
3- O transxene é un xene que, procedente dun organismo, se insire noutro ser vivo	V
4- A Xenómica estuda os nomes dos xenes	F
5- Os nenos burbulla presentan inmunodeficiencia conxénita que se trata con terapia xénica	V
6- As restritasas fragmentan o ARN por secuencias específicas chamadas palíndromos	F
7- A enzima ADN-ligase une distintos fragmentos de ADN polos seus extremos apegadizos	V
8- O Proxecto Xenoma Humano comprobou que temos máis xenes que proteínas	F
9- O consumo de OXM pode causar alerxias en persoas sensíbeis	V
10- A proteómica estuda o total das proteínas codificadas e expresadas polo xenoma dun ser vivo	V